



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo dispuesto en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita en relación al aumento de la siniestralidad laboral en el primer trimestre de 2025.**

En Galicia se han contabilizado en lo que va de año 2025 un total de 16 accidentes mortales, siendo el sector servicios el ámbito en el que más accidentes se han registrado, seguido de la industria, la construcción y el sector agrario. Si analizamos los grupos ocupacionales, las personas que trabajan en la agricultura, la pesca, la construcción, la industria manufacturera y el transporte son las más afectadas.

Según datos hechos públicos por el propio Ministerio de Trabajo sobre siniestralidad laboral en el primer trimestre de 2025, se ha incrementado un 2,6% en Galicia y un 2,4% a nivel estatal. Destaca el caso de la provincia de Pontevedra, en la que se han contabilizado 2453 accidentes durante la jornada laboral e *in itinere*, lo que supone un promedio de 27 accidentes al día y un aumento de la siniestralidad laboral de un 3,2% respecto al año 2024. Por tanto, el incremento en Pontevedra es superior a la media del conjunto del país y del estado y se sitúa entre las cinco zonas que registran mayor número de accidentes de trabajo mortales.

En los accidentes laborales mortales, las causas naturales, como los infartos o los derrames cerebrales, son la principal causa de fallecimiento. A continuación, estarían los casos por golpes, aplastamiento, contacto eléctrico, incendio o sustancias peligrosas y, por último, el ahogamiento o enterramiento.

Por todo ello, es necesario que el Ministerio de Trabajo adopte todas las medidas necesarias para frenar los datos de siniestralidad laboral en Galicia y, especialmente, en Pontevedra, que, lamentablemente, sigue ocupando uno de los primeros puestos en siniestralidad laboral.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿A qué atribuye el Ministerio de Trabajo el aumento de la siniestralidad laboral en Pontevedra en el primer trimestre de este año, en el que se incrementó un 3,2%



respecto a 2024?

2. ¿Cuáles considera que son las causas de que se produzca un mayor incremento de la siniestralidad en Pontevedra por encima de la media gallega y nacional?
3. ¿Está de acuerdo en que los datos de siniestralidad tanto en Galicia como en el territorio de Pontevedra son alarmantes?
4. ¿Se han realizado inspecciones de trabajo en los sectores donde se produjeron accidentes mortales en el territorio de Pontevedra?
5. ¿Podría facilitarnos datos sobre las inspecciones realizadas en Pontevedra en lo que va de 2025?
6. ¿Cuál fue el número total, en qué sectores, cuántas detectaron irregularidades y cuántas dieron lugar a la apertura de un expediente sancionador a la empresa inspeccionada?
7. ¿El Ministerio de Trabajo está analizando, en coordinación con la Xunta de Galicia, el refuerzo de las medidas de prevención y seguridad en el trabajo para evitar accidentes mortales?
8. ¿Qué acciones se han adoptado en este sentido?

Madrid, a 6 de junio de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

06 JUN. 2025 18:24:08

Entrada **71663**

Sobre o incremento da sinistralidade laboral no 1º trimestre de 2025 na Galiza

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao medre da sinistralidade laboral no primeiro trimestre de 2025.**

Na Galiza contabilizáronse un total de 16 accidentes mortais no que vai de 2025, sendo o sector servizos o ámbito en que máis accidentes se rexistraron, seguido pola industria, a construción e o sector agrario. Atendendo aos grupos de ocupación, as persoas que traballan na agricultura, a pesca, construción, industria manufactureira e transportes son os máis afectados.

Segundo os datos feitos públicos polo propio Ministerio de Traballo sobre a sinistralidade laboral no primeiro trimestre de 2025 esta viuse incrementada en 2,6% a nivel galego e a nivel estatal 2,4%. Destaca o caso da provincia de Pontevedra en que se contabilizaron 2.453 accidentes durante a xornada laboral e *in itinere*, que implica unha media de 27 accidentes ao día e que a sinistralidade laboral aumentou 3,2% en relación ao ano 2024. Por tanto, o incremento en Pontevedra é superior á media do conxunto do País e do Estado e sitúase entre as cinco zonas que rexistra un maior número de accidentes de traballo mortais.

Nos accidentes laborais mortais, as causas naturais, como infartos ou derrames cerebrais, son a primeira causa de falecemento. A continuación, estarían os casos por golpes, por esmagamento, por contacto eléctrico, con lume ou substancias perigosas e, por último, por afogamento ou enterramento.



Así, é preciso que o Ministerio de Traballo adopte todas as medidas precisas para atallar os datos de sinistralidade laboral na Galiza e, especialmente, en Pontevedra que, lamentablemente segue estando entre os primeiros postos en accidentes laborais.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. A que atribúe o Ministerio de Traballo o aumento da sinistralidade laboral en Pontevedra no primeiro trimestre deste ano, incrementándose nun 3,2% respecto ao ano 2024?
2. Cales considera que son as causas de que se produza un maior incremento da sinistralidade en Pontevedra por riba da media tanto galega como estatal?
3. Comparte que son alarmantes os datos de sinistralidade tanto na Galiza como no territorio de Pontevedra?
4. Realizáronse inspeccións de traballo nos sectores nos que se produciron os accidentes mortais no territorio de Pontevedra?
5. Pode achegar os datos das inspeccións realizadas en Pontevedra no que vai de 2025?
6. Cal foi o número total, en que sectores, cantas detectaron irregularidades e cantas deron lugar a apertura dun expediente de sanción para a empresa inspeccionada?
7. Está o Ministerio de Traballo analizando, en coordinación coa Xunta da Galiza, o reforzo de medidas en prevención e seguridade no traballo a fin de evitar accidentes mortais?



8. Que accións se teñen emprendido neste sentido?

Madrid, a 6 de xuño de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso